



Bases reguladoras IV Convocatoria de axudas “ABRIGA” para estudiantado refuxiado, solicitante de asilo, procedente de áreas xeográficas de conflito ou países receptores de AOD.

PREÁMBULO	2
CAPÍTULO I. Disposicións xerais	2
Artigo 1. Obxecto	2
Artigo 2. Financiamento	2
Artigo 3. Requisitos das persoas solicitantes	3
Artigo 4. Contía das axudas	4
CAPÍTULO II. Procedemento de adxudicación.....	5
Artigo 5. Presentación de candidaturas	5
Artigo 6. Prazo de presentación de candidaturas.....	5
Artigo 7. Documentación	5
Artigo 8. Comisión de Valoración	5
Artigo 9. Criterios de selección	6
Artigo 10. Proposta de resolución e resolución definitiva	6
CAPÍTULO III. Aceptación e pagamento das axudas	7
Artigo 11. Aceptación da axuda e obrigas	7
Artigo 12. Perda do dereito total ou parcial	7
Artigo 13. Pagamento das axudas.....	8
Artigo 14. Incompatibilidades	9
CAPÍTULO IV. Protección de datos 5	
Artigo 15. Protección de datos persoais	9
Disposición final primeira. Recursos.....	10
Disposición final segunda. Eficacia	10
ANEXO I. Solicitud de axudas “ABRIGA”	11



PREÁMBULO

O Programa de Acolida Universitaria na Universidade da Coruña xorde como iniciativa no ano 2019, no que a UDC adheriuse ao programa "Rapid Response Mechanism for Higher Education in Emergencies" da oficina do entón Presidente de Portugal Jorge Sampaio, para facilitar o estudo universitario a persoas solicitantes de protección internacional. Este programa ponse en marcha no curso académico 2019/2020. O seu obxectivo fundamental é contribuír a paliar a situación das persoas que buscaban asilo en Europa, potenciando a capacidade de acolida da sociedade dende a perspectiva da educación.

En coherencia coa declaración da Asemblea Xeral da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) do 7 setembro 2015, a Universidade da Coruña, como integrante da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), asina, xunto coa Universidade de Vigo e a Universidade de Santiago de Compostela a "Declaración de compromiso das Universidades públicas Galegas coa Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas" en novembro de 2019, na que queda incluída a acolida de estudiantado refuxiado co obxectivo de contribuír a garantir o dereito da educación superior das persoas refuxiadas e en situacións análogas.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

O obxectivo xeral desta convocatoria é ofrecer axudas de apoio ao estudiantado matriculado ou que desexe matricularse na UDC, e que estando en posición do status de persoa refuxiada ou de solicitude de asilo ou que proveña de áreas xeográficas en conflito, ou países que sexan receptores de Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), precise axudas para a continuidade ou o inicio de estudos e cumpran os requisitos descritos nesta convocatoria.

Artigo 2. Financiamento



A dotación total das axudas económicas desta convocatoria para o estudiantado matriculado no curso 2026/27, coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidades daquelas persoas pertencentes aos colectivos definidos na convocatoria, será de catro mil cincocentos euros (4.500 €), que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 0901 321A 48400. O dito importe poderá ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 3. Requisitos das persoas solicitantes.

A presente convocatoria resulta de aplicación a estudiantado estranxeiro de fóra da Unión Europea, cos requisitos académicos necesarios para cursar un grao, posgrao ou doutoramento e que estean en situación de necesidade económica, que lles imposibilite facerse cargo dos costes de matrícula, e/ou aloxamento, e/ou materiais e que estean en algunha das seguintes situacións:

- a) Persoas beneficiarias na edición 2025/2026 desta convocatoria de Axudas ABRIGA que continúen eses mesmos estudos na UDC e coa mesma situación socioeconómica.
- b) Persoas refuxiadas ou solicitantes de protección internacional, apátridas ou beneficiarias de protección subsidiaria, incluíndo:
 - Persoas que teñan solicitado asilo ou fosen recoñecidas como persoas refuxiadas consonte a lei 12/2009 Reguladora do Dereito de Asilo e da Protección Subsidiaria en España.
 - Persoas ás que se lles denegara a condición de persoa refuxiada consonte a lei 12/2009 Reguladora do Dereito de Asilo e da Protección Subsidiaria en España en resolución non firme e cuxa resolución fose obxecto de impugnación en vía administrativa ou contencioso-administrativa.
- c) Persoas con autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais por razóns humanitarias.
- d) Persoas nacionais dalgún país que reciba Axuda Oficial ao Desenvolvemento, que residan en España legalmente.
- e) Persoas que proveñan de áreas xeográficas en conflito, que residan legalmente en España.



O estudiantado solicitante debe cumprir os seguintes requisitos:

- a) Deben manifestar interese de realizar a preinscrición ou que xa están preinscritas no curso académico 2026/2027 en estudos de grao, máster oficial e doutoramento en centros propios da Universidade da Coruña ou en centros adscritos de titularidade pública que imparten titulacións non impartidas en centros propios.
- b) Non poden posuír un título en España en estudos do mesmo nivel para os que se solicita a axuda.

No caso do estudiantado de grao, estas axudas poderanse solicitar de maneira consecutiva por un máximo de cinco anos, agás no caso daquelas carreiras estruturadas en máis tempo.

No caso de estudiantado de máster, o período de continuidade será de ata dous anos (e excepcionalmente tres anos, cando o máster estea dividido en dous anos).

No caso de estudiantado de doutoramento, o período de continuidade será de ata catro anos.

Artigo 4. Contía das axudas.

As axudas ofrecidas quedan enmarcadas nas seguintes modalidades, podéndose elixir máis dunha opción:

- Taxas e prezos públicos da matrícula completa ou parcial do curso correspondente na UDC.
Non se cubrirán gastos de materias suspendidas salvo casos excepcionais –e nunha soa ocasión- nos que demostren situacións psicosociais adversas.
- Taxas de expedición de títulos.
- Aloxamento nas residencias universitarias no caso de non ter cubertas estas necesidades por outros medios. 3 prazas nalgunha das dúas residencias universitarias (Elvira Bao da Coruña ou a Residencia Universitaria Pública de Ferrol), ampliables segundo a dispoñibilidade orzamentaria e a situación que o xustifique.
- Atención psicolóxica no programa Afrontemos da Universidade da Coruña.



A asistencia psicolóxica poderá ser solicitada en calquera momento do curso polo grupo de estudantado beneficiario da axuda, e será asignada unha vez se realice a valoración correspondente polas persoas profesionais do programa.

- Axudas económicas, para o estudantado matriculado no curso 2026/27, coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidades daquelas persoas pertencentes aos colectivos definidos da convocatoria e nos seus anexos. O importe de cada axuda ascende a un máximo de novecentos euros (900 €), que se aboarán en 3 pagamentos.

No reparto das axudas por distintos conceptos, terán prioridade as de cobertura do coste da matrícula.

CAPÍTULO II. Procedemento de adxudicación

Artigo 5. Presentación de candidaturas

1. As persoas interesadas deberán presentar a súa candidatura conforme o anexo I.
2. As solicitudes dirixiranse á Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social (Oficina de Cooperación e Voluntariado), e presentaranse a través do Rexistro electrónico da UDC: https://sede.udc.gal/services/telematic_registerou ou por calquera dos medios sinalados na Lei 39/2015, de 1 de outubro.
3. Se a solicitude adolecera dalgún requisito, este requiriráselle á persoa interesada a través do seu correo electrónico para que, poida subsanalo no prazo de dez días naturais.

Artigo 6. Prazo de presentación de candidaturas.

O prazo de presentación de candidaturas comezará ao día seguinte da publicación desta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC (https://sede.udc.gal/services/electronic_board?page=2) e finalizará o día 31 de outubro de 2026 ás 23:59 h.

As solicitudes presentadas durante o mes de xuño serán avaliadas pola Comisión de Valoración que fará a primeira resolución provisional. Posteriormente faranse propostas de resolución periódicas segundo vaian sendo presentadas novas solicitudes, ata esgotar o orzamento.

Artigo 7. Documentación a entregar.



- a) Solicitude debidamente cumprimentada (Anexo I).
- b) NIE, tarxeta branca, tarxeta vermella ou documento identificativo en España.
- c) Certificado, no que se faga constar a circunstancia de necesidade socioeconómica, emitido por algunha das entidades con convenio coa UDC ou polos servizos sociais do concello de residencia da persoa solicitante, para a realización das accións recollidas nesta convocatoria.
- d) Matrícula do curso 2026/2027.
- e) Expediente académico do curso 2025/2026, no caso de estar xa matriculado na UDC.
- f) Certificado de titularidade da conta bancaria en España.

Artigo 8. Comisión de valoración

1. A selección das candidaturas efectuarase por unha Comisión de Selección e Avaliación integrada polos seguintes membros ou persoas nas que deleguen:

- Ana Isabel Ares Pernas, Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, ou persoa en quen delegue.
- María José Lombardía Cortiña, Vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade, ou persoa en quen delegue.
- Acacia Naves García-Rendueles, directora da Oficina de Cooperación e Voluntariado, ou persoa en quen delegue.
- Lorena Rilo Pérez, Técnica da Oficina de Cooperación e Voluntariado, ou persoa en quen delegue.

Artigo 9. Criterios de selección.

Para a selección das candidaturas e distribución das axudas, a Comisión terá en consideración os seguintes criterios:

- Priorizarase ás persoas que xa teñan realizado con anterioridade, e con aproveitamento, un curso académico na UDC.



- Información social e económica aportada pola entidade con convenio coa UDC e/ou a Unidade de Traballo Social do municipio de residencia.
- Expediente académico da persoa solicitante.
- Carta de presentación e motivación da súa petición.

A Comisión guiarase polos valores da UDC en relación á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e coas persoas con diversidade funcional. Cumprindo cos principios de protección internacional, a Comisión prestará especial atención aos casos que reflectan unha maior necesidade de acollida.

Artigo 10. Propostas de resolución e resolucións definitivas.

1. A Comisión avaliará as solicitudes presentadas e publicará, unha ou varias propostas de resolución provisionais das persoas beneficiarias no TEO da UDC, abríndose un prazo de dez días naturais, para presentar alegacións a través do Rexistro electrónico da UDC.
2. Unha vez que a Comisión resolva as alegacións, remitirá á Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social a proposta de resolución para cada unha das listaxes provisionais que se publiquen.
3. A Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social ditará unha resolución definitiva da convocatoria por cada unha das resolucións provisionais, no TEO da UDC. Contra esta resolución, que pon fin ao procedemento administrativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante o/a reitor/a da UDC, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Alternativamente, poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o xulgado competente, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
4. Con cada nova resolución, a listaxe de espera irase actualizando, en virtude das circunstancias socioeconómicas das novas solicitudes.

Capítulo III. Aceptación e pagamento das axudas

Artigo 11. Aceptación da axuda e obrigas

1. As persoas beneficiarias deberán enviar a súa aceptación ou renuncia á axuda de acordo coas instrucións que se lles faciliten cando reciban a notificación por correo



electrónico.

2. A aceptación da axuda implicará o compromiso de cumprir todas as condicións que se establecen a continuación:

- Matricularse no curso 2026/2027 nalgunha titulación oficial de grao, mestrado ou doutoramento da Universidade da Coruña. A exención do pago de taxas para a expedición do título queda condicionada ao mantemento dos requisitos que permitiron a obtención da axuda.
- Facilitar cantas actuacións de comprobación fosen precisas para verificar, no seu caso, o cumprimento e efectividade das condicións determinantes da concesión da axuda.
- Cumprir coas obrigas académicas que derivan da súa matrícula, tales como a asistencia a clase, a realización de todas as probas e exames das materias nas que se atope inscrito/a, e a participación responsable nas demais actividades que complementen a súa formación. No caso do doutoramento, realización e cumprimento do plan de traballo acordado coa persoa responsable do seu programa.

3. A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante un escrito presentado no rexistro electrónico da UDC (sede.udc.gal) dirixido á Oficina de Cooperación e Voluntariado. Non se poderán facer renuncias parciais da bolsa. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos e requirirase a devolución dos importes percibidos. Isto dará lugar á concesión da axuda á seguinte persoa da listaxe de agarda.

Artigo 12. Perda do dereito á axuda total ou parcial.

Son causas de perda do dereito a estas axudas:

- Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

Artigo 13. Pagamento da axuda

1. O aboamento da contía farase da seguinte forma:
 - Achegarse o 40 % da cantidade asignada no momento da resolución da convocatoria, a que se lle aplicarán, de ser o caso, as retencións correspondentes.



- Realizarase un segundo pagamento, do 30%, unha vez que as persoas solicitantes presenten os seus resultados académicos das materias avaliadas no primeiro cuatrimestre. Para recibir o segundo pagamento, deberán ter aprobado o mínimo de créditos que se reflicte no seguinte cadro:

Rama de coñecemento	Porcentaxe de créditos a superar
Artes e Humanidades	70%
Ciencias sociais e Xurídicas	70%
Ciencias da saúde	60%
Ciencias	50%
Ensinanzas Técnicas	50%

- Realizarase un terceiro pagamento do 30% restante, unha vez que as persoas solicitantes presenten os seus resultados académicos das materias avaliadas no segundo cuatrimestre. Para recibir o terceiro pagamento, deberán ter aprobado o mínimo de créditos que figuran na táboa do punto anterior.
2. O incumprimento total ou parcial do que establece a presente convocatoria dará lugar, logo do oportuno expediente de incumprimento, á cancelación da axuda e ao reintegro do percibido, xunto cos xuros de demora que lle corresponden en cada caso, salvo en casos excepcionais autorizados pola persoa titular da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social. Igualmente, no suposto recollido no punto 3, do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora que corresponder, salvo en casos excepcionais autorizados pola persoa titular da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

Artigo 14. Incompatibilidades

Estas axudas **serán compatibles** con outras axudas ou bolsas de calquera organismo público ou privado, agás que estean destinadas a sufragar un mesmo gasto.

Capítulo IV. Protección de datos

Artigo 15. Protección de datos persoais



En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (“Regulamento Xeral de Protección de Datos” ou RGPD), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal. Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do taboleiro oficial da sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais. A persoa interesada consinte no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e á limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, calle Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia "protección de datos", a través dun escrito firmado para o efecto adxuntando fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Disposición final primeira. Recursos

Esta resolución poderá ser recorrida mediante un recurso potestativo de reposición, ante o/a reitor/a da UDC, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no



TEO, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da LPACAP, ou ben directamente mediante un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o xulgado competente, de conformidade co artigo 46 da LXCA.

Disposición final segunda. Eficacia

Esta convocatoria producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

IV CONVOCATORIA DE AXUDAS “ABRIGA” PARA ESTUDANTADO REFUXIADO, SOLICITANTE DE ASILO, PROCEDENTE DE ÁREAS XEOGRÁFICAS EN CONFLITO OU PAÍSES RECEPTORES DE AOD.

ANEXO I

Solicitud axudas “ABRIGA”

(En calquera das aliñas deste impreso poderá empregarse máis espazo se for preciso)

1. BREVE CURRICULUM DO ALUMNADO		
Datos personais		
Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
Data de nacemento	Nacionalidade	DNI/NIE
Domicilio	Localidade e provincia	Código postal
Teléfono de contacto		Dirección de correo electrónico:
Grao/Mestreo para o que solicita a axuda		
Título académico		Curso



Idiomas		
Axuda solicitada		
Matrícula e taxas	Aloxamento	
Taxas de expedición de títulos	Axuda económica para material	

• Situación legal administrativa (marque unha opción)			
• Solicitante de protección Internacional	Refuxiada/Protección Subsidiaria	Razóns humanitarias	
Solicitante de Asilo	Apátrida	Protección Temporal	

2. CARTA DE MOTIVACIÓN DO ALUMNADO